

# A ROSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.

Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PASEO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 77

A CRUÑA 6 DE XANEIRO DE 1919

CON PRUMA ALLEA

## A HESPAÑA PODRE

Dibúxanse xa n'horizonte político certos síntomas de que non se quere deixar que cheguen á maturidade os froitos recollidos pol-o goberno hespañol no seu viaxe a París. Baixo cor de termar da ortodoxia constituzional, fábase, con mal desmulado intrés, de que a rexía prerrogativa fica en rehés, e da urxencia de que recobre a liberdade. E a tesis familiar os preteridos y-os desalrados, que non acertan a ter man da súa pacencia pol-o desquite que os rintegre o uso froito da *Gaceta*.

Xa se bosquexan as intrigas e apuntan as complicitades, alentadas unhas e outras pol-os exministros de sempre; esto é, por todos aqueles qu'están en condicións de armar barullo a unha hora dosda. Pro ¿é que os nosos políticos non escarmentan? ¿Até cando vai a durar esa simulación d'unha forza que non ten outra efectividade que a que lle da o benévolo silencio d'as xentes? ¿Onde están eses estadistas e eses partidos con solucións capaces de sacar a Hespaña da atonía espiritual en que s'encontra, de conxurar a ameaza revolucionaria, de poñer saudable sordía ó separatismo vasco e catalán e reconciliarnos políticamente con Europa? Todos eses povos y eses partidos gobernaron longo tempo.

Son os vellos oligarcas, os régulos do caciquismo, os xefes de recuas, os reivindicadores do sensualismo nepotista, que confunde a patria coa familia e a domesticidade coa ade-

sión doutrinal. Son os de sempre e os seus nomes están en todo-los beizos. ¿Exprícase qu'estos gobernantes, que nos sacaron de Cuba humillados e que acaban de facernos sufrir o oprobio na guerra europea cos seus erros d'orientación, s'empeñen en conservar a dirección da política nacional? ¿Qué sensibilidade é a do povo hespañol que consinte tan desvergonzada ousadía? ¿Tan estéril é a raza en potencialidade política que se declara agotada despois de haber parido semellantes homes? Ahí están os vellos exministros, mais preto xa das Sacramentales que do *forum*, e, sin embargo, rebeldes á confesión do fracaso e da caducidade. Ahí están, nos seus consellos de Administración d'as grandes empresas industriales con tentáculos no Erario público, decorados coas cruces que lles donou o Rei para poñer de resalto, co brillo da distinción, o releve da nulidade.

Dalles escolta seus deputados e seus senadores, seus xenros e seus sobriños; esto é, os fatos silenciosos e fieles dos que renunciaron a deixar como sinal do seu paso pol-a política unha idela orixinal, unha actitude de independencia ou un xesto rebelde. Son os que ó existirse a levita o corpo coidan haber feito as paces co Arte, e o poñerse un sombreiro de copa haber desmulado os fulgores do cerebro. Todas estas xentes, que, ó contrario do que lles ocurría ás volvoretas de Darwin, non teñen rexas as ás do espírito porque endexamais voaron en dirección contraria ós huracás d'a vida; todo este señorío, qu'está na política por tradición familiar e sin haber mostrado endexamais a mais inofensiva orixinalidade de pensamento, e a que agora se axita por temor de que esto—como dicen eles, aludindo ó Goberno—poida perdurar e afianzarse. A crisis, sin está nos beizos, está nas intencións.

Inda si esas xentes pareceran dispostas a inmolación das suas ambicións en favor d'unha corrente democrática que devolve a patria a tranquilidade interior e o prestixio exterior, súa inquietude podería interpretarse como unha pasión nobre. Pro non sucede eso. As recuas de caducos exministros e fracasados gobernantes non se revolven por un ideal tan outo. Eles queren qu'ó "statu quo," non s'altere, porque a perspectiva de quedárense sin actas, sin sena-

durias, sin Direccións xeneraes, sin subsecretarías e Gobiernos civís, espántaos. Todo menos eso.

Hespaña sin colonias, Hespaña en vergoñosa postura en Marruecos, con dudoso prestixio no exterior; Hespaña na incoherenza ideal e no atraso; Hespaña, provincia da gran República da picarifa, ben, porque, ó fin, esa Hespaña pode subsistir. Todo, menos que o país troque de costumes políticos e faga a selección dos seus gobernantes. A eso hay que opoñerse, custe o que custe.

MANUEL BUENO.

## O socialismo e nazonalismo

Dend'o primeiro momento coidamos que a Comisión extraparlamentaria tería de ser un organismo máis, composto dos mesmos elementos que no Congreso opunéronse á demanda de Cataluña, e, d'aquela, sin eficacia ningunha.

O único organismo que pode resolvelo problema constitucionalmente, é o Parlamento. Mas si este é tamén incapaz de resolvelo, se ten que proceder á súa disolución e chamar a Cortes constituentes.

O acordo da Mancomunidade catalana de non querer entrar nos traballos, d'aquela comisión, agradounos.

Desconfiamos do Poder Central, e si o problema o non resolven as Cortes Constituentes, teremos de facelo reconecer com'un feito para abranguer pra Cataluña

## CADRO MOURO

O concello de Compostela, d'ista urbe que quere ser a capital intelectual da Galicia, inda non s'atreveu a aprobar a petición d'autonomía integral iniciada por Vázquez Enríquez.

Pode mais a negra sombra do monteirismo que a cultura universitaria.

Os labregos de Bóveda son millores cidadans que moitos cadeiráticos de Santiago.

Sinxelamente vergoñoso.

## CADRO BRANCO

O pequeno concello de Bóveda (Lugo) onde coase tódol-os concellás son labregos, votou por unanimidade e de xeito conscente a petición d'autonomía integral para Galicia, logo de ter estudado con detinimento o asunto.

Ningún dos labregos concellás do Axuntamento de Bóveda firmou en barbeito.

Todos, para firmaren, enteiráronse denantes do que é a autonomía.

as liberdades que lle corresponden en di-reito.

Os socialistas hespañoles sintímonos dispostos a emprestar tod'o noso apoio moral e material. Facéndo eisi *interpreta-mos o espírito do noso partido, que no seu derradeiro Congreso Nazonal acordou en-xergar dentro do seu programa a Confede-ración republicana das pequenas nazionali-dades ibéricas.*

JULIÁN BESTEIRO.

## Escrarezcamos logo

O «Ideal de Alfrediño» ten cousas pele-grinas. Verdade e que aquel *ideal*, some-llante a un acordeón, foi feito de pingotas de republicanism, d'anticlericalismo, de catolicismo, de rexionalismo, de gasseti-simo, etc.

Falou fai poucos días d'unhos telegra-mas e d'unhas cartas recibidas na «Irman-dade» da Cruña, manifestando desexos de conecelos.

Alfrediño resulta mais curioso que unha vella comadre.

¡Qué sempre es Alfrediño! ¡Canta impor-tancia lle das as persoas e que pouca as ideas!

Cómo se che ve o afán de facer un recre-mo xornalístico a costa d'un señor dipu-tado!

Nós vivimos pol-as novas ideas e para elas. Vos vivides das vellas... Inda hai crases.

## Novas da causa

A «Irmandade da Fala» de Betanzos, que é unha xuntanza galeguista exemprar, fiixo unha notabre velada enxebre no teatro d'aquela vila.

A «Irmandade» de Compostela nomeou un consello directivo composto de persoalidades de sinificación.

A «Irmandade» de Lugo, vai publicar un boletín nomeado *A Fouce*.

A d'Ourense ven orgaizando notabres traballos pol-a cultura e a fala.

A de Monforte, p'oieta un gran mitin. A da Estrada, orgaiza unha seición femi-nina.

Pol-a súa parte, os galegos de Buenos Aires constituiron a «Casa de Galicia», unha sociedade forte que axuda rexamente os autonomistas da nosa patria.

¡Terra a nosal!

*Na Estrada, como na Cruña e en Betanzos, as mulleres comenzan a sentiren o nazonalismo, e incian organizaciós.*

*A muller galega unha vez mais e dina de si mesma. Porque foron sempre mulleres galegas as mulleres mais grandes da Iberia.*

# Nosos poetas e a prosa

## 6.I. 1919 Unha obra teatral de Cabanillas

### A man de Santfña

Con este nome rematou Ramón Cabanillas unha obra do teatro galego, en galego, que il chama farsada en dous pasos. Ista farsada nos foi remitida a nós pol-o autore genial de «Ven-to Mareiro», e nas nosas maus está.

«A mau de Santfña», culo original único poseemos, inda que feita de presa por Caba-nillas. é com'a primeira pedra d'un género teatral moderno que moito convén enxergar na nosa lingua.

A nosa lingua, até agora, no teatro, non se tñia empregado senon en senso d'antigüidade, facéndoa expresadora de temas históricos, e en senso autual ageltada ao rusticismo. Dra-mas e comedias aldeans, tragedias do pasado; a istes usos, mais inda con pouca eficacia e n'un número pequeno d'obras cultivarase a forma idiomática galega.

Ramón Cabanillas ofércenos agora a súa farsada en dous pasos, escrita nunha prosa chela de belezas na que o gelto clásico caste-lán d'acotare por esceas, non existe, como non existe, endeben, en moitas obras portu-guesas. E isa farsada, ond'a sinxeleza, a poe-sía, o bó gusto e o espírito señorial camifian axuntados, ten que facere imitadores.

«A man de Santfña», é un juguete acugula-do de delicadezas e de mainós e mornos sin-timentos, onde fica redimido o noso idioma pol-a modernidade da fábula. E camiño lumi-noso a segurmos para ter un teatro novecen-tista, pois de gelto oitocentista e partidista son coase total-as escasas produciós feitas até a data.

Non significa isto que nós sintamos genrei-ra hacía os asuntos rurás e d'esencia popular. Coidamos que os ditos asuntos son os mais platórescos e os mais interesantes no senso que poderíamos chamar *folk lórico*. Mas para a dinificación *momentánea* e *urgente* do noso idioma nada juzgamos millor que as obras teatrás de tema universal nas que interveñan persoages d'altura, escritas en galego. Obras nas que o galego sirva samente de meio d'espresión como outro calquer idioma na-zonal.

«A man de Santfña», con todo, e unha lin-da obra galega, pol-a forma e pol-o fondo. Unha obra que conqueriría hó éxito en cal-quera centro elegante. Obra que demostra como o galego sirve millor que para porcadás e cousas rústicas, para cousas finas, delicadas e belas. Son siñoritas e siñores os protago-nistas.

Vede iste anaco da farsada de Cabanillas. Fala *Don Salvador* un fidalgo enxebre, de gostos aristocráticos:

«¡Coido, con todo, que ten de ser mais forte o amor a terra! ¡A terra! Nunca d-ela saín e

non son voto, pero eu non sel que sería de mín o día que ó erguerme pol-a mañan cedo non vise alumeada pol-as primeiras luces d'aurora a outa cruz de ferro do vello campar-rio; o día que non me fora dado camifian pasenño a rente das leiras de millo verdexen-te pra decrilles á miña maneira, «¡que ben vos veu a augufña d'esta mañán!», o día que bai-xando da coutada, ó topal-o can do caseiro non poidese chamalo a contás berrándolle mentras agacha o rabo, «¡condanadol ¡mira que ladraches esta noitel», ¡A terra! Eu non sel como podería vivlr sin que me enchese os ollos o cadro meigo da carballeira co-as foill-fias cubertas de auga brillante, feita un miña-gre de cristás dempois da trebonada; sin que me arrolara a y-alma a canturía rexoubadora-das augas das abertas e me abouxase os ouvi-dos, no silencio da noite estrelada, o berro lonxano e barulleiro das arráns...! A nai poi-dera camifian á tua beira pol-os sendeiros tris-tes do desterro; o amor pódelo atopar na re-volta d-un camifio... a terra, non ¡a patria nin viaxa nin s'escolle! ¡A terra, a nosa terra, é este corrunchíño melgo no que Deus quixo que a luz do ceo nos dese o primeir bicol ¡A terra, a nosa terra galega só esta eiquil».

### Unha novela de López Abente

#### : O deputado por Veiramar :

Como se ten sabido, o insigne autore d'«Alentos da raza», conqueriu o primeiro premio do certame literario d'iste Boletín, con unha novela corta nomeada «O deputado por Veiramar».

Ista novellña vai tamen pol-o bon camiño. E de corte fino, de fábula intresante na que se dinifica o mesmo o galego ao poñelo en labios de gentes vilegas, algunhas de gelto aristocrático.

«O deputado por Veiramar», resulta, sin em-bargo, novela galega pol-a forma e pol-o fondo, novela na que a ouservación do noso ambiente caclquill e noxento fica feita mestral-mente. Inda escribindo en prosa, López Abente, coma Cabanillas, non se ten esquecido de que e poeta.

Escomenza, pois. ben o ano, para a nosa literatura nazonalista, como se despidira admi-rablemente o vello co'a novela «Fermosinda», de Porto Rey.

Isto demostra que o valor supremo do idio-ma nativo sube cada vez mais.

E como no aninovo publicaranse tamén libros galegos de Talbo, Viqueira, Risco, Quintánilla, Villar Ponte, Correa Calderón e outros, temos motivos para estaremos de em-bora.

## A nosa capacitación

Queremos que ás facultades privativas da rexión, non se l'opoña limitación de ningún xeito. A nazonalidade, o ambiente, a fala, as características d'unha nación non fono impostas por ningún lexisladore nin por ningún guerreiro. Son obra da natureza, e por iso Galicia, obedecendo á natureza mesma, loita para vivir, para facer resaltar a súa personalidade, ó fin de cumprir a súa misión de levar o seu grao d'area ó grandioso labor universal do progreso.

Eu non poido expricarme como tendo sufrido a nosa terra tantos séculos o réximen centralista, e tendo sido tan craro o fracaso d'aquel réximen, haxa aínda quen non se sinta autonomista.

Os que dubidan de que nós constituimos unha raza e din que nos hachamos incapacitados para gobernárenos, que volvan os ollos atrás e leian o feito por nosoutros en 1808 cando botamos ó invasor do noso chán sin desatendermos o réximen interno, cobrando e administrando os impostos por nós mesmos, orgaizando o noso exército propio, facendo a nosa xusticia e tendo bilixerancia para empréstitos na Inglaterra. Pois si todo isto témolo feito en tempos de guerra, cando o atraso do país era moito, ¿por qué non podemos facer hoxe, con mais adiantos, mais cultura e en prena paz, o que no século pasado realizaron nosos avós?

M. BANET FONTENLA.

NO CENTRO GALLEGO DE GIJÓN

## Guillermo Cedrón deu ali unha notable conferencia

Comenzou dicindo entre outras cousas, que ó tuntu non é posible que existan pobos e razas distintos que teñan cristalizada a súa y-alma en idiomas diferentes. Que isto é obra da natureza que establece unha gran variedade en todos ó seres creados, plantas e animais.

Puxo exemplos das variadísimas modalidades que s'atopan nas diferentes razas.

Remarcou que o idioma ten importancia fundamental, por sere elemento de civilización trascendentes.

Non é posible —afirmou— que poda morrer a nosa nazonalidade porque ten que cumprir os altos fins pra que a natureza o creou.

Exaltou o patriotismo das xentes pra que intensifiquen e fortalezan a nosa personalidade, pra que coma espresión suprema poda decire unha palabra definitiva a Humanidade, e ese día chegará si nosoutros os galegos soupemos cultivar con amore o tesouro nazonal.

A os que nos calefican de tolos e románticos e din que o importante son as custións econó-

micas, díxolles que n'ese senso os verdadeiros nazonalistas, as Irmandades da Fala, fixeran en dous anos un labor de estudio e tecnicismo aplicado ás realidades viventes da economía galega, de moita mais importancia e aproveitamento que todo o que se fixo en cinco séculos pol os seudo científicos do Centralismo.

Comentou unha por unha as bases do manifesto da Asambleia de Lugo, nas que se pide a autonomía integral pra Galicia, facendo comprender o alcance das mesmas, cada unha das cuales representa a satisfacción das nosas necesidades económicas, políticas e espirituales.

Comentou a falla de preparación d-os parlamentarios hespañoles que non acertan a comprender as nosas aspiracións en consonancia c-os principios universaes triunfantes a o acabamento da guerra.

Criticou a falla do senso da realidade do señor Maura, quen censurou a afirmación feita pol-o señor Cambó de que existe unha identidade completa entre a unidade nazonal e a decadencia de Hespanha.

En apoio da tesis de Cambó díxo que o feito mas remarcable da grandeza de Hespanha foi a conquista d'América, a que poidose reali-

zar facilmente pol-as circunstancias favorables que nel concurriron.

O espírito d'intransixencia—característica castelana—abafou o noso poderío colonial. O mesmo espírito d'intransixencia non permitiu no solar d'Hespanha a reificación d'os erros, defendendo, en contra das aspiracións sanas do pobo, o pandillaxe organizado.

Fixo unha disertación sobor da falta de creto que ten en Francia mesma, berce d'o unionismo, a fórmula centralista, afincándose nas argumentacións espostas por G. Lebon e Duguit.

E rematou con unha lumiosa e sinxela relación da prosperidade económica e das liberdades políticas adquiridas pol-o Norte América e Suiza, cunas da democracia, falando tamén da Alemania, pol-o que fal á práctica das normas autonomistas; logo de ter posto exemplos ao respecto que existe pra o exercicio da soberanía nos Estados Unidos onde aténdense as modalidades especiais de cada Estado pra a súa constitución política e logo de facer unha detallada información económica de Norteamérica. O noso querido irmán, Guillermo Cedrón, que falou en galego foi moi loucado e recibiu moitas emoras pol-o seu labor de patriotismo e cultura.

# MALPOCADO

6.1.1919

## Conto por Valle Inclán

A vella mais vella da aldeia camifaba co seu neto da man por un sendeiro de verdes orelas, tristeiro e deserto, que parés aterido baixo a luz da alba. Camifia corcovada e salaiante, dando consellos ó neno, que chora en silencio.

—Agora que escomezas a ganalo, tes de sere humildoso, que e lel de Deus.

—Sí, señora, sí...

—Tes de rezar por quen che fixere ben e pol-a yalma dos seus difuntos.

—Sí, señora, sí.

—Na feira de San Gundían, si logras xuntar pra elo, tes de mercarte unha capa de xuncos, que as chuvias son moftas.

—Sí, señora, sí...

Y-a aboa e o neto van anda, anda, anda...

A soedade do camifio fai mais tristeira aquela salmodia infantil, que semella un voto de humildade, de resignación e de probeza feito ó escomezar a vida. A vella arrastra penosamente as zocas que choclean nas pedras do camifio, e salafa baix'o mantelo que leva por riba da cabeza. O neto chora e trema de friaxe: vai vestido de farrapos: é un zagal albino, coás meixelas soledas e pecosas: leva trasquilada sobor da fronte, como un servo de outra idade, a guedella murcha e pálida, que lembra as barbas do malzo.

No celo lívido do amancer aínda tremelucen algunhas estrelas esmorecidas. Un golpe que ven fuxido da aldeia, atravesa correndo o sendeiro. Ouzase lonxano o oubeo dos cans e o canto dos galos... Pasenño o sol escomeza a dourar o cume dos montes: brilla o orvallo sobor da herba, choutan e revoan arredor das álbres, con tímido aleteo, e os páxaros novos que fuxen do nido por vez primeira; rin os regatos, marmulan as alboredas, e aquel camifio de verdecentes orelas, tristeiro e deserto, es-

pértzse como vello camifio de xeóricas. Rebaños de ovellas suben pol-a faldra do monte; mulleres cantando voltan da fonte; un aldean de brancas guedellas agullloa a xunta dos seus bois, que se deteñen friscando nos balaios: e un vello petrual dende longa distancia deixa ouir a súa voz.

—¿Vades pra feira de Barbanzón?

—Imos pra San Amedio, buscando amo pra o rapaz.

—¿Qué tempo ten?

—O tempo de ganalo. Nove anos fixo pol-o mes de Santiago.

Y-a aboa e o neto van anda, anda, anda...

Baixo aquel sol agarimoso que escintillea sobor dos montes, cruza pol-os camifios a xente das aldeas. Un chalán soledado e rexo trata con ledo alqueireo de esposas e de ferraduras; vellas labregas de Cela e de Lestrove van pra a feira con gallinas, con liño, con centeo. Alá, na fondonada, un zagal ergue os brazos e berra pra chamar as cabras que se galardelan subidas nos penedos. A aboa e o neto afástanse pra deixar paso ó señore alcpreste de Lestrove, que se dirixe a predicar n-unha festa de aldeia:

—¡Santos e bos días nos día Deus!

O señore alcpreste refrena a súa egua de andadura mansa e doutoral.

—¿Des de feira?

—¡Os probes non temos que faguer na feira! Imos a San Amedio buscando amo pra o rapaz.

—¿Xa sabe a doutrina?

—Sabe, sí, señora. A probeza non quita o sere cristiano.

Y-a aboa e o neto van anda, anda, anda...

N-unha lonxanía de brétama azul óllanse os alcpreses de San Amedio que se ergnen arredor

do santuario, mouros e pensantes, cós curutos murchos, unxidos por un reflexo dourado e matinal. Na aldeia xa están abertas todas as portas, e o fume indeciso e branco que sube dos fogares, esvalse na luz como salutazón de paz. A aboa e o neto chegan ó adro. Sentado na porta, un cego pide esmola l-ergue ó ceo os ollos, que semellan dúas ágatas branquecías.

—Santa Lucía vos conserve a amable vista e saúde no mundo pra ganalo... Deus otorguevos que donar a que ter!... ¡Saúde e sorte no mundo pra ganalo?... Tantas boas almas do Señor como pasan, non deixarán ó probe un ben de caridade!...

E o cego tende hacia o camiño a palma seca e amarillenta. A vella arrechégase có seu neto da man, e murmura tristemente:

—¡Somos outros probes, irmán!... Dixéron-me que buscabas un criado...

—Dixéronche verdade. Ao que tñia denantes fenderonlle a testa no romaxe de Santa Bala de Cela. Está que tolea...

—Eu veño có meu neto.

—Vés ven.

O cego estende os brazos apalpando no ar:

—Achegate, rapaz.

A aboa empuxa ó neno, que trema como unha ovella abraida e máusa, diante de aquel vello fosco, envolto nun roto capote de soldado. A man amarela e pedichenta do cego pousase sobor dos hombros do neno, anda a tentas pol-as costas, corre ó longo das pernas.

—Causarás de camiñar coás alforxas ás costas?

—Non, siñore; estou afeito a iso.

—Pra enchelas hai que correr moitas portas.

¿Tí coneces ben os camiños das aldeas?

—Onde non coneza, pregunto.

—Nos romaxes, cando eu bote unha cántiga, tí tes de responderme con outra. ¿Saberás?

—En aprendendo, sí, siñore.

—Sere criado de cego é acomodado que moitos quixeran.

—Sí, siñore, sí.

—Posto que viñeches imos até o Pazo de Cela. Alí hai caridade. Niste paraxe non se recolle nin unha triste esmola.

O cego érguese arripiado pol-a friaxe, e pousa a man no hombro do neno, que fita tristemente o longo camiño, e a campá verde e húmeda, que sorríe na paz da mañán, có caseirío das aldeas espallado e os mullíños lonxinos, desaparecendo baixo do emparrado das portas e as montañas azúes, e a neve nos cumes. Ao longo do camiño un zagal anda dobregado segando herba, e a vaca de treme-centes e rousadas ubres, rumíña con mansedume guindando o ronza. O cego e o neno alónxanse pasenñamente, e a aboa murmura salafante enxoltándose os ollos:

—¡Malpocadío, nove anos e gaña o pan que comel... ¡Alabado sexa Deus!...

prova mais da sua cobiza estética, latexa nestes versos que publicamos. Son, quizais, os versos mais modernos feitos no idioma galego. Versos que teñen a áada esencia do tremar sutil e cristalino das poesías de Verlaine, Baudelaire e Euxenio de Castro e moito d'aquelas evaporacións de sentimentos musicas de J. R. Ximénez. ¡Canto ben s'axeita a lingua patria para estes ensaios!... Vede...

Morreu un mozo  
qu'inda na feira  
topel antronte

Lobos famentos  
lobos qu'oubean  
baixan do monte

Hai vos toucíños  
postos o lume  
depindurados.

Andan os gatos  
vagarífantes  
polos tellados

Auxeles tolos  
andan xogando  
coas estrelíñas

¡Al vagarosa  
lua d'inverno  
pi'onde camiñas!

\*\*\*

Branca, lumlosa,  
frorida de neve,  
noite de Natal.  
Baixan anxelíficos  
con áas de cristal  
Hel d'armar con liga  
y hel de pillar un  
pra ter na gayola  
que a teño valeira  
e dame tristura  
de tela tan sola.

\*\*\*

¡Cantas luas acesas sobor da neve  
na noite de Natal!  
A brétema non bota seu alento  
en tan craro cristal.  
A terra

brañca de neve ou de luar  
com'unha doncellíña de castidá vestida,  
hoxe viñérona buscar.  
No ceo n'hai estrelas.  
Viñeron os anxos a por elas  
par'as levar alen.  
Hoxe choven estrelas

no portal de Belén.

VICENTE RISCO.

Orense, Natal, 1918.

## Cariño... irredento

Un feito chocante que non se ten reflexado nos xornás da Cruña. Oito centos vicíños da vila de Cariño foron a Ortigueira, datas atrás, en xelto fero e baril c'o ouxeto de protestaren contra d'un mestre de primeiro ensino, pidíndo o mesmo tempo concello propio para o pobo carifés e unha axudantía de maríña. Os oitocentos manifestantes xuramentáranse pra non faceren nin un cadelo de gasto na cabe-

ceira do distrito, e o entrar pol-as ruas d'Ortigueira, berraban: ¡Viva Cariño libre!

Cicais n'este berro, que de primeira intención poidera coidarse bufo, latexa unha xusta arela de cidadanía. Na vila d'Ortigueira, áchase a cabeza do pulpo caciquil que suga da influencia do sobriño do tío Manolo o astorgán. Cariño, é unha vila traballadora, onde non hai cagatintas, curías e demais zánganos da colmea centralista que fan de zumezugas do pobo e d'asqualladores dos dereitos cidadáns. Cariño, deixa en boa hora de sere *cariñoso* para os sñoriteiros tráns e cursís que toman a marífellos, labregos e demais crases traballadoras e homíldes pol-os seus servos.

E iste é un síntoma que nós recollemos con fonda ledicia, ríndonos até escacharnos, do medo que ante os oitocentos cidadáns dignos de Cariño sintiron os caciques maiores e menores d'Ortigueira.

Esfóndase La Torre que orgulo fora das noxentes oligarquías provincíais. Agora que non se deixen engayolaren de novo os carifeses pol-as carantofías da vella política. Pol-o seu esforzo, tendo azos e valor, conquerrán canto lles pete, sempre que seña xusto. ¡Adiante, que os galeguistas—isto é,—os galegos dignos, están convoscol!

*Xuventude galega, enche d'optimismo o teu corazón xeneroso. Colle novos xolgos. Berra, sinte, pensa, pro non te laies de nada. Os salvos para os vellos caducos responsabres da escravitude da Terra.*

*Xuventude galega novecentista; imos camiño de ter unha patria libre.*

*Son moitos os síntomas nunciadores da boa nova.*

*Vai surdindo unha consciencia colectiva entre nós.*

*Nada mais fermoso que a protesta forte e rexa de tod'a nova Galicia contr'o disgraciado cacique González Besada.*

*Contra él; contra Gasset, contra García Prieto, contra Bugallal, contra Riestra, contra Pérez... ¡sempre, sempre!*

*Xa son chegados os tempos... ¡Adiante!*

## Da renascenza linguística

I

Pra os tempos novos fala noval! O galego é algo que se fai, que se crea non algo feito. Mas, pra face-l-o hai que coñecer as suas posibilidades actuaes (a sua gramática) e as suas posibilidades futuras en germe n'as actuaes (o seu dinamismo).

II

Gramática galega temo-l-a. A de Saco de Arce ainda que vella é aproveitáble. Ademais temos as gramáticas portuguesas que moito nos poden ensinar.—E o mesmo digo d'os dicionarios.—E que os novos fagan novas gramáticas e dicionarios novos!

## Poemas novos

Vicente Risco, noso querido irmán, cuos traballos son agardados por todol-os lectores d'este boletín con verdadeira e mol lexitima ansiedade, ten dito sobr'o nazonalismo galego cousas intresantísimas. Ven recadando materias e ideas para ser xermolador d'unha estética enxebre que teña por áas a tradición e o futurismo. El quere levar o galego á suprema modernidade; el quere facer do sentimento, do pensamento e da vontade nazonalistas da nova Galicia, algo novísimo e inquedante. E unha

## III

Canto ao léxico, as verbas, e a sua pureza quero facer que se enserga que non debemos de atermos á realidade linguística d'hoge sobre todo á impura d'as vilas. Leamos os testos antigos e clásicos! Vede por exemplo: Uns escriben *conocer* outros *conecer*; na gramática de Saco de Arce e en Sarmiento atopamos a verdadeira forma *coñecer*. E así sempre; ou n'os testos ou nas referenzas a iles acharedes as formas puras. Senon ide busca-l-as ao portugués.

## IV

Eu escrebo os pluraes galegos n'os casos correspondentes, en *aes* e non en *ás*. Porque: 1). E a forma mais próxima ó portugués e ajuda a mais ser comprendida a nosa lingua. 2). E a forma que existiu até o século XV no que alterna con os pluraes *as* (*Asi* p. ex. *sinaes* e *sinas* usaronse ao mesmo tempo). 3). Oradores de fonética, de pronuncia pura (p. ex. o meu amigo Peña Novo) tende a pronunciar os pluraes á portuguesa: así din *sinais* escrito *sinaes*. Esto penso eu que é a pronuncia futura. Cada un pronuncie como queira!

## V

Mui ben di meu amigo Correa Calderón: temos que crear o galego do noso século!—Eu engado: o galego integralmente, no seu léxico, na sua gramática, na sua pronuncia.—Esta pronuncia, ou dición nosa ten de ser o selo d'os galegos escolleitos!—Debemos non só pronunciar millor senon darnos un-ha maior riqueza fonética no galego. E isto pode ser!—Do século XV, ao XVI cambiou totalmente a fonética do castelán, aínda que os gramáticos *académicos* favorecían a conservación d'antiga pronuncia!—Liberemonos da fonética castelá e depuremos a nosa!

## VI

¿Qué quer decir vellos e novos? Non os que teñen poucos e moitos anos. Senon os jóvenes d'alma e os vellos d'esprito. Hai homes de vinte anos que son vellísimos, e vellos de oitenta que son aínda valentes rapacés!

## VII

¿Qué non temos clásicos galegos?—Fagamos nosos os clásicos portugueses. Sobre todo Camoens pode ser o noso maestre!

## VIII

A ortografía etimológica debe se-la nosa. Nos é preciso estudala. Cómo? Aprendendo a escribir en portugués.—Nós galegos *futuristas*, temos de expresarmos indifrentemente en hespañol, galego, portugués

e inglés! Estas catro linguas han-se d'ensinar na escola primaria. ¿Estravagancia?—Non! faise en Bélxica, en Suecia e outros países!

JOHAN VIQUEIRA.

## Versos festivos

## A UN NAMORADO

Esquenciche que son un mal copleiro e pidesme un soneto,—¡Deus me valal!—no que pinte na nosa doce fala da tua moza o encanto milagrelro; un soneto en que a forza de pandeiro, rebiscándolle o xeito de embruxala, faga brilar o teu amor que estala... ¡Malpocado! ¡Tés cousas de chantelro! Sendo, como é, garrida e boniteira, abofé teu deseyo non me exprico. ¡Esa vereda non te leva á feiral! ¡Non é cousa de pruma nin de picol! Todo eso que ti qués, de outra maneira dise moito millor... ¿cómo?... ¡N'an bico!

## DITOS DOS VELLÓS

Sementar en leira alléa,  
pagar sendo convidado,  
mercar a rí-o e na aldea,  
vender a probe e fiado...  
non é pra ter casa chéa.

Muller que adora á veciña,  
rapaza que dorme fora,  
pedra lampa da cocíña  
e meniño que non chora...  
non che me dan boa espíña.

Pallque de taberneira  
e bágoas de bebedor,  
amores de costureira  
e xastre traballador...  
sonche contíños de feira.

Crego que che queira mal  
alcalde no teu outeiro,  
escribano no portal  
e lume pol-o palleiro...  
salvarás si Deus che val.

Apostar o que se ten,  
firmar o que non escribo,  
donar sin saber a quen  
e dar cartos sin reciblo...  
penso que no me convén.

Estremeiro pleiteador,  
néboas augentas do río,  
bol ou vaca, escorneador,  
e xente de señorío...  
canto mais lonxe, millor.

RAMÓN CABANILLAS.

## Nazonalismo e xusticia

*A Justiza non pode ser nunca verdadeira justiza, namentras a derradeira responsabilidade e a derradeira instancia fiquen en Madri. Hoje, sin independenza do Poder judicial os encargados de juzgaren sofren as presións do caciquismo queiranno ou non. Hoje, moitos galegos deixan de pediren justiza, porque o apelaren a Madri, supónlles unha cheia de gastos que non todos poden faceren, e supón, inda mais, un es-*

*morecemento das responsabilidades para juzgar que, en Galicia, diante da atención de todos, non sería doado vermos esvaídas. Hoje, tamén, coase tódol-os funcionarios rectos da nosa terra piden para evitar compromisos o sairen d'ela. E a Galicia, en troques, veñen funcionarios d'outras regiós que desconocen nosos usos, costumes, etc.*

*Ten, por iso, dita centralización judicial, un fondo d'immoralidade evidente. Sin contarmos aínda o pleito serio que plantea o desconecemento da lingua dos testigos e reos pol-a maoria dos jueces.*

*A verdadeira justiza impón o fallar os pleitos e causas na derradeira instancia dentro de Galicia.*

## Trunfos do ideal

## Nós e a Comisión extraparlamentaria

O Directorio do nazonalismo galego, acordara non termar do conqurimento de ningún posto na comisión extraparlamentaria que ven estudando o pleito da autonomía. En troques algús grupos de nazonalistas ficaron en libertade para dirixírense ó xefe do Goberno pidindo déraselle logar a un repersentante galeguista.

O conde de Romanones, doéndose—según dixo—de que aquela pitição o non chegase a tempo, pregou ós nazonalistas galegos que mandasen por escrito as suas concrusiós.

Istas concrusiós, axeitadas o espírito da Asambleia de Lugo, foron encarregados de presentalas, Aurelio Ribalta, Fernández Flórez, Castelao, Risco e Viqueira, por atoparénse en Madri xuntos tan queridos irmáns.

## O agrarismo e a autonomía

As sociedades agrarias de Padrón—un número respetable d'elas—teñen acordado faceren unha xuntanza grande e solene o derradeiro domingo d'este mes, para pedirle ó Goberno a autonomía integral galega.

## Peneirando...

O *Ideal Gallego* e un dos mais castivos e ruins enemigos da libertade da nosa terra.

Non perdona ocasión para demostrallo.

Pro halvos enemigos que fan ríre.

O *Ideal*—que ningún bo galego debe lére—emprega os tópicos mais cursis e mais valesros

e mais *demodée* de que temos mentes, para combater o noso nacionalismo redentor.

E pesi-ó seu mote de católico, falta ao outavo mandamento da lei de Deus, que mesmo da xenío.

Falando do gran mítin que fixemos no teatro da Cruña, poucas datas atrás, atreveuse a dicir que somente asistiran a él dúas mulleres, catro rapaces e uns poucos obreiros.

E o teatro estaba cheo. E no teatro ollamos moitos obreiros, moitas donas e o mais sinificado da burguesía cruñesa. Sin contare aos elementos mais prestixiosos do republicanismo da capital de Galicia.

¿Por qué, pois, minto, Alfrediño?

Para os que elsi fan *política*, temos o noso maior desprezo. Non podemos darlles belixerancia. A súa testa fica aos nosos pes. ¡Gasetistas disimulados, coa rellión por tapadeira, sodes tráfugas, arrivistas, adulós, cobardes!

\*\*\*

Por certo que as nosas propagandas fan moito dano... Non sentan ben aos que viven e xantan á sombra das oligarquías noxentas que felrean a costa da liberdade galega.

Prova d'elo é a forma na que os correspondás dos xornas madrileños na Cruña, transmitiron a información do noso gran mítin.

Todos mintiron. Todos—agás o de "La Jornada"—dixeron que no teatro hubiera pouca concurrencia: ¡Cando estaba cheo! E pol-a súa parte a Imprensa da Cruña tamén intentou restarlle importancia ó acto.

Non nos extraña. En Galicia todo está organizado caciquillamente. Todo até os xornás e as correspondencias xornalísticas.

Pois contra todo venceremos. E mais axilia do que moitos parvos coldan.

Pol-a libértá de Cataluña, virá a libértade para tódal-as terras ibéricas.

\*\*\*

O Sr. Martínez Suelro, publicou no *Ideal Gallego* un feixe d'artigos pra combater o nacionalismo.

E aquel síñor como outros moitos, trabúcase ao trataren dos nosos problemas.

Inda que cultos, pousan seu voo na letra das cousas, sin deterse nunca no espírito das mesmas. Son escravos do doutrinarismo. E fan da cultura fría argumentos contr'a vida, sempre diferente.

Non sabemos de ningún académico, de ningún arqueólogo, de ningún erudito, que teña sido apostol de movementos ideolóxicos.

Elsi Suelro di que Galicia posee total as condicións de rexión, pero nin unha sola nota de nazonalidade.

Pois que a rexión galega se define e intensifique; que abranga a autonomía integral, que se rixa a si mesma, e entón veredes si sinte ou non a nazonalidade.

Como os galegos sintan a Galicia no senso de patria, fose ou non nazón na historia, comenará a selo agora para a futura historia.

Galicia en todo caso—di o mesmo artillolista—tería de ser rexión de Portugal.

Conformes. E como Portugal estivo no poder d'España menos tempos que Flandes aínda, como Portugal é independente e Galicia fica escrava d'España e arredada de Portugal por mor d'España... gracias aos argu-

mentos de Suelro, atopámonos c'un problema d'irredentismo.

Tamén di o Sr. Suelro que o *pintoresco mosaico* peninsular é a nazonalidade mais definida d'Europa.

Si Sr. Suelro: como Europa ou América son as nazonalidades mais definidas do mundo.

\*\*\*

O *Ideal Gallego* chelo de xenreira e ruín intención di que as "Irmandades," ficaram de comparsas integrales do republicanismo curfés.

O "Ideal...gasetista con tapadeira pseudo católica," non fala senon parvadas.

O nacionalismo galego, hoxe, como sempre, proclama a accidentalidade das formas de goberno.

Non nos importa República ou Monarquía, lles non importaba a Alfredo Brañas e a cantos o seguían.

Impórtanos, sendo consecuentes c'o concepto de nazonalismo, que Galicia sexa libre.

Como Pi Margall á unha república unitaria, preferiríamos unha monarquía federal. ¿Non é, pois, lóxico o viceversa?

Vede agora como a Monarquía hespañola, herdeira de cantas asoballaron as rexións do chan ibérico loita feramente para impedir o advenimento d'un réximen federal ou autonomista apoiada en tódol-os fracasados políticos que nos levaron aos desastres vergoñosos.

E inda proclmando a accidentalidade das formas de goberno e precisamente por iso non temos que ollar un enmigo na actual monarquía hespañola?

## 9) FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

### PROCESO DA CULTURA GALEGA

CONFERENCIA lida na noite do 24 de Febreiro de 1917 na *Irmandade da Fala da Cruña*, pol-o seu autor, noso irmán e mestre D. Florencio Vaamonde.

con horror trece anos despois canto trocaram os tempos. A redención do servico militar costaba 20.000 réas e había que ser nobre para poder redimirse. O servico obrigatorio de hoxe, non é, pois, ningunha cousa nova.

A nobreza pol-o xeneral, vivía no campo. Os ricos mandaban os fillos a estudar a Franza, e ricos e pobres insinábanlles un oficio por si del tiñan necesidade de valerse algún día, moda que hoxe impera en Alemaña. Despois entraban de xefes ou oficiais no exercito ou iban a Universidade. En cada casa había unha escollida biblioteca, onde predominaban os clásicos latinos, franceses e algun portugués, sin que deixase de toparse nelas obras científicas, sobre todo de agricultura. Pero faltaba aínda o golpe de gracia á nobreza e este veu coas leises desamortizadoras: éstas motivaron a desbandada dos frades e dos señores, e d'ali viñeron o decaimento da horticultura e o caciquismo. O caciquismo foi aristocrático nos seus comencos porque os señores faltos de recursos, tiveron que largar en busca de destino ou quedar no campo para coller os que houbese, e como frades e señores eran os que mais entendían de agricultura, os

labradores sin os seus protectores e conselleiros quedaron abandonados a si mesmos, e as magníficas castas de froitas e hortalizas, admiración de Europa, como teño lido en libros de viaxeiros ingleses, alemás e de outras nacións, desapareceron aos poucos anos. Agregouse a todo isto a fame do ano 1853 e a aparición do *oidium* nas viñas, que se a primeira vista foi un mal, en cambio dedicouse a cereás moito terreo que o viñedo ocupaba. Emcomenzou daquela a tomar incremento a emigración e abrirse para a nosa patria os novos derroteiros que conecemos.

Vede, pois, aquí en brevísimoo resume, o que foi a cultura de Galicia, cómo empezou e cómo se agrandou hasta chegar aos nosos días. Non é Galicia un pobo atrasado, nin moito menos, e se ben perdeu a personalidade xurídica e o seu idioma non é oficial, coma en mellores tempos, conserva, con todo, a súa fisonomía propia que ademostra o marcadamente que está separada das outras rexións de España como consta de autores extranxeiros que cita O'Reylli na súa *Coroza de Kerry*.

Hoxe, Galicia, ten posto honroso na cultura europea. Ten literatura de primeira liña e homes de ciencia en todol-os ramos do saber humano; ten tamen a súa literatura privativa de que é princesa a inmortal Rosalía de Castro que tantos discípulos e admiradores deixou e que val ela sola por toda unha literatura, e onde brila tamen o grande Curros Enríques; ten música tamen propia e dende da representación de *A Ponte* e de *Mareiras* podemos igualmente dicir que temos teatro; e non cita-

mos nomes de mulleres ilustres e varós insines que inda viven porque son conecidos de todos.

As nosas cousas son estudadas en total-as nacións, e Bell, Dogron Hume e Fior Marin en Inglaterra, O'Ryan en Holanda; Latour, Rillé e Savine en Franza; Bierman en Suecia; Shiclan en Prusia; Lany e Corun en Austria; e outros moitos siguen con interés o noso movemento intelectual, outrora tan despreziado.

Pero a cultura de Galicia non é aínda o que debía de ser, porque noutro orde de cousas que tamen ao progreso afectan, Galicia e hoxe solamente un pálido planeta: por eso c'o cultivo do propio idioma e con fé no porvir, debemos de traballar todos os que por bos fillos dela nos teñamos, para que chegue a ser coma denantes un astro esplendoroso, e ao contemplar a súa brillante e pura luz, poida cada un repetir con satisfacción e con fachenda o verso de Lurgis

¡Señores, eu son gallego!

Florencio Vaamonde.

Os inimigos das liberdades galegas son nosos inimigos. Logo...

Nós non nos fixemos republicanos dos partidos históricos, republicanos para sempre como partido, senon antimonárquicos da actual monarquía centralista que precisa sere derrubada xa que non reitifica os seus fondos erros.

Nós, non somos partidistas. Nós axudamos e axudaremos circunstancialmente a cantos partidos antidinásticos, monárquicos ou republicanos, ofezan a hora do trufo a liberdade galega.

Si de momento só nos ofrece iso o republicano e as tendencias d'a *post-guerra* son republicanas, ¿qué temos que facerlle? Olle o *Ideal* a opinión do partido católico alemán no favor da república.

\*\*\*

Os nazonalistas somos, pois, indifrentes por *esencia* ás formas de goberno. Tampouco temos contas con ningunha confesionalidade. Inda sendo tódol-os galegulistas católicos non poderíamos tela.

Porque nós traballamos para conseguirmos

—é a "osa única misión— a autonomía integral de Galicia e a galegulización da nosa terra.

Unha ves Galicia autónoma, ela por sufraxio universal elixirá para gobernala a quenes colde millores. A vontade popular é a que se proamará entón confesionalista ou non. Con ou sin licencia nosa.

¿Para qué falar, pois, do que nós non podemos nin poderemos arregarre?

\*\*\*

¿Qué lle debe Galicia a Hespaña?  
(Fora do caciquismo e o atraso)

\*\*\*

Hespaña samente foi unha baixo o xugo extranxeiro na idade meia. Para loitar contr'os árabes, dividiuse en reinos independentes.

Elsí dixó Pi Margall.

\*\*\*

Sexa o noso lema:

"Como en Irlanda  
érguete e anda."

Tipografía Obrera—Soeorro, 3

## Abonos Químicos Mineraes

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés **ROUCH**

**Rexenerador ROSTTAM** pra os animais debiles, pra que as gallinas poñan mais hovers, etcétera.

Pídanse prezos e condizos a

**Fernández, Fano y C.<sup>a</sup>—A CRUÑA**

## FERMOSINDA

Novela en idioma galego, por

**FARRUCO PORTO REY**

PRESO DUAS PESETAS

Véndese n'a librería de P. Cué e C.<sup>a</sup>

**RUA REAL, 49—A CRUÑA**

## HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

**M. Losada Prado**

**A CRUÑA**

—Adeus, Fuco.

—Adeus, Xan.

—Pra onde vas.

—Bouche pr'á casa do noso irmán, A. Gude, a Rua Real, 59, 1.º, a faguerme un fraxe d'aqueles qu'él fai tan bos e xeifosos.

## FRÁBICA MECÁNICA

::: DE CALZADO :::

— DE —

**ANXEL SENRA**

**RÚA XUAN FLÓREZ**

Depósito: Cantón Grande, 15

**A CRUÑA**

## GRAN FONDA

*Las Cuatro Naciones*

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas

Xántase ben, e os prezos están ó alcance de todo.

## Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra tódol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Faise cárrago de todas as cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

FOTOGABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

## Os viños e coñás millores

son os qu'elsporta a casa de PEDRO DOMECCO, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sosa é o ZINZANO (Torino).

## O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival

## Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros esportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCRUVIDO: (matriculado) de todas istas marcas

**José C. Juncosa**

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

**Filios de A. Barceló (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, ansados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**LA MODERNISTA**  
**GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

— DE —

**RAMOSE ACEA**

San Andrés 94, 1.º — A CRUÑA

Establecemento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos hixiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, locíos e fricíos de todas clases.

Nota: N'este establecemento atopará o público un servizo permanente a cárrego dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.

**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben impreatado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.—Os pedidos faránse o autore, no Rego d'Auga, 4-1.º—Cruña.—Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo a metade do prezo sinalado.

**¡GUERRA AOS CALLOS!**  
 Callos, Sabaños e Ollos de galo  
 cúranse co

**Bálsamo Oriental**

Premiado con Medalla d'Ouro na Exposición de Buenos Aires

Fabricantes: **Prudencio López e Fillo - Jerez**

Representante: **Manuel Sánchez - A Cruña**

De venta n'as boas Boticas

**Obras portuguesas en portugués**

As milores de Eça de Queiroz, de Guerra Junqueiro, de Eugenio de Castro, de Camoes

Tamén as principais de autores galegos

Véndense n'a librería de P. CUÉ e C.ª

RUA REAL, 49.—A CRUÑA

**H. LA PALOMA**

— DE —

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no no máis céntricos da poboación, axeitado á altura dos millores da súa cras, conta con espazosas e alreadas habitazóns, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 — Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeltoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastería de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16 - BAIXO — VIGO

**MONTERO E COMPAÑIA**

Oficina técnica e almacén de venda:

Rúa de Emilio Castelar, 8

Depósitos:

Calle del Castillo, 12—Lugo

Direitor:

D. FERNANDO M. DOIZTUA, *Inxeniera*

Venda e colocación de toda clase de máquinas agrícolas e industriaes

Estudo de toda clase de proxectos e construcións  
 PRESUPUESTOS GRATIS

Sulfatos, semillas, carburo, benzol e bencina

**Consultorio Médico-Quirúrxico****J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermidades en general

ESPECIALIDADES

Piel, (incruso cáncer, lepra, lupus, e úlceras atónicas) — Peito, Estómago, Anemia  
 Reumatismo, Artritis deformantes  
 Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Seroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete *Isioterápico*: Consultas de 10 a 12

Tratamentos e prezos a horas convencionaes

Non se fai asistencia aos fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquiña a Picavía)  
 A CRUÑA


**VIÑOS FINOS****RIOXA = MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

**WALDO LOSADA = A CRUÑA**

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

*Servicios directo desde o porto da Cruña*

**LINEA DE HABANA A VERACRUS**

Prezo en terceira á Habana.  
 Veracrús

Ptas. 298'60  
 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA.—Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.